

O 30 de abril rematará o prazo para o pago voluntario dos impostos municipais

Plan de Infraestructuras Viarias

A construción de novos andéns e beirarrúas levada a cabo garante a seguridade de conductores e peóns ó tempo que posibilita mellorar as comunicacións entre as diferentes localidades. A recente aprobación de expedientes de contribución especial constitúe a última, e minoritaria, vía administrativa para o desenvolvemento deste tipo de obras.

Páxinas 6 e 7



Concello de  Oleiros

O Goberno municipal aprobou no mes de marzo os novos orzamentos. Case 30 millóns de euros para benestar comunitario e social.
Páxs. 14 e 15

Vivir en Oleiros

Número 22
Abril 2006
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Modernizamos as instalacións municipais en atención ás novas demandas



Fomos de aniversario coa A Marola e o C.D. Obrero

Páxina 21

Nova rede de saneamento municipal: Máis calidade e mellor servizo.

Páxinas 10 e 11

As novas dependencias da CASA DO CONCELLO

Finalizadas as obras de reforma da casa consistorial, a reordenación dos espazos e as novas prestacións que ofrece xa son unha realidade. O pintado e a identificación integral do edificio deron paso á mellora de áreas como Atención ó Veciño e Urbanismo. A aplicación das últimas tecnoloxías e o sistema de centralización de trámites ofrecen ós cidadáns un servizo cómodo, de calidade e axeitado ás súas necesidades.

Oleiros Deporte é o novo logotipo que identificará os traballos institucionais

Páxina 23

URBANIZACIÓN PUNTA CANIDE: 18 anos de mentiras

Botamos a ollada atrás para amosar a mentira, a verdade e a realidade dun dos espazos máis fermosos do noso litoral. Un repaso polo complexo residencial de 1816 vivendas, un hotel, unha igrexa, ...que puido ser e non foi, gracias á loita incondicional do Concello de Oleiros, paralizando unha das especulacións máis aberrantes da nosa historia, con VOLADURA incluída.

Páxinas 12 y 13

Como saber **ónde** está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 2

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros	981 610 000
Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Protección Civil	981 636 933 ext.112

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 61 47 84
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

Centros educativos

C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquí / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
E. Inf. O Corgo. Dexo	981 628 064
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
E. Inf. A Canteira / Perillo	981 977 921
I.E.S. Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I.E.S. Miraflores / Oleiros	981 631 615
I.E.S. Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa	
Chea	13 abril / 13 maio / 11 xuño / 11 xullo
Mingua	21 abril / 20 maio / 18 xuño / 17 xullo
Nova	27 abril / 27 maio / 25 xuño / 25 xullo
Medra	5 abril / 5 maio / 3 xuño / 3 xullo

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

Horarios Cal Pita

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables 6,45-6,55-7,10-7,25-7,35-7,45 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10-7,40-8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10-7,40-8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05-14,05. Volta 8,30-14,30 Dom+fest Ida 10,05-14,05. Volta 10,30-14,30.
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35 Dom+fest Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35.
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora-último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55-10,55-13,05-14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25-8,25 a 20,55 cada hora-Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora-Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50-7,10-13,05- de 7,40 a 20,40 cada hora-De 8 a 12 cada hora-De 14 a 20 cada hora- Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora-De 7,30 a 19,30 cada hora-20,50-22,30 Sábados Ida 8,50-9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h - a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 - a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11-21,10. Volta de Oleiros 11,30-21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45-13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora



*Xa somos
31.819
veciños/las
censados/las!*

Até o 21 de marzo, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.393
DORNEDA (San Martiño)	3.524
IÑÁS (San Xurxo)	1.227
LIÁS (Santa Eulalia)	9.093
MAIANCA (San Cosme)	965
NÓS (San Pedro)	4.107
OLEIROS (Santa María)	2.611
PERILLO (Santa Leocadia)	7.429
SERANTES (San Xulián)	1.470
TOTAL	31.819

Farmacias de garda

Farmacias de garda	Datas
Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda.das Mariñas nº 247 (Nos) • Teléfono: 981 66 38 90	Do 14 ó 20 de abril Do 2 ó 8 de xuño
CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña 4-6 (Liás) • Teléfono: 981 61 45 03	Do 21 ó 27 de abril Do 9 ó 15 de xuño
Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 64 84 40	Do 28 de abril ó 4 de maio Do 16 ó 22 de xuño
MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, 4 (Liás) • Teléfono: 981 61 41 84	Do 5 ó 11 de maio Do 23 ó 29 de xuño
SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño nº 1-A (Oleiros) • Teléfono: 981 61 00 27	Do 12 ó 18 de maio
MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 61 79 37	Do 31 de marzo ó 6 de abril Do 19 ó 25 de maio
Mª FREIRE RIAL-TERESA MIGUÉLEZ Avda. Rosalía Castro nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 63 50 24	Do 7 ó 13 de abril Do 26 de maio ó 3 de xuño



Alternativa dos veciños / Ángel García Seoane. Presidente de Alternativa dos Veciños

POLA SENDA EQUIVOCADA

Dende as últimas eleccións legislativas do Estado Español, nas que o Partido Popular perdeu o goberno do país, estamos a vivir unha constante crispación da vida política e social provocada polo PP, na que os seus dirixentes máis extremistas parécense máis aos catro xinetes da Apocalipse que aos responsables da oposición dun goberno democrático: terxiversan, menten, calumnian e criminalizan.

Todo vale para atacar e destruír ó rival político. Para elo contan cun bo aparato de propaganda creado á sombra nos anos que estiveron no poder: son determinados medios de "comunicación" escritos e orais que multiplican e magnifican as súas difamantes proclamas.

A actitude dos representantes do PP, cheos de odio, desesperación e ambición desmesurada, está a revivir épocas afortunadamente pasadas e que tanto fixeron

sufrir a centos de miles de persoas. Un país novo, moderno, próspero e democrático non pode nin debe consentir tanto desatino. Dous dos pilares do Estado de Dereito son o respecto e a aceptación das maiorías, aínda que estas estean formadas por distintos grupos políticos.

O Partido Popular, dentro da súa soidade parlamentaria debe recapacitar e analizar porqué os seus antigos aliados: CIU, Coalición Canaria, PNV... de indiscutible ideoloxía

de centrodereita, lle dan a espalda e evitan calquera tipo de contacto ou acordo.

O tufo de extremistas de dereitas dos Acebes- Zaplanas -Aguirre etc. imposibilitan calquera avance e, de seguir así, chegarán a facer do PP un partido extraparlamentario. Vai sendo hora de que as persoas civilizadas, dialogantes e respectuosas do Partido: Gallardón, Piqué, Feijoo... tomen o temón e endereiten o rumbo de navegación si é que queren manterse a flote.



Unha vez máis o Grupo Municipal Popular desestimou a invitación de comunicarse cos lectores de "Vivir en Oleiros" realizada pola Alcaldía, tal como demostra esta carta do Gabinete de Comunicación do Concello e recibida polo Grupo.

Lamentamos non poder ofrecerlles esta estimada colaboración.



Grupo Municipal Socialista

SEAMOS MATERIALISTAS: HABLEMOS DE DINERO

Esta revista informativa que llega a su casa la está pagando usted, y en ella el Gobierno Local le va a contar las excelencias del Presupuesto del Ayuntamiento para este año. Nosotros, que no estamos conformes con el uso que se va a dar a sus dineros, solo tenemos unas líneas para explicarle nuestra postura, pero estamos convencidos que la entenderá.

¿Cree lógico que un Ayuntamiento que crece en habitantes todos los años disminuya el Presupuesto con respecto al año anterior?

¿Le parece razonable que la recaudación de alguna tasa, como la de suministro de agua potable suba un 11,6%? La explicación del Gobierno se basa en el aumento de población, si este aumento fue en el último año de un 2,6%, saque sus propias conclusiones.

¿Considera conveniente que la inversión destinada a carreteras y vías públicas municipales disminuya un 44,28%?

¿Está conforme con que un 36% del dinero destinado a obras se lo lleve la parte que este

año dedica Alternativa de los Vecinos y BNG (los más progresistas del mundo mundial) a la construcción de un Auditorio que nos va a costar en total, y a pagar en tres años, 8.600.000 €?

El PSdeG-PSOE de Oleiros presentó una enmienda para que el dinero destinado al Auditorio se trasladara al arreglo de carreteras hasta que se hiciera un estudio de la posible funcionalidad del nuevo edificio y hasta que se buscara otra financiación para la obra que no recayera solo en su bolsillo y en la del

resto de los vecinos.

La respuesta: no.

La consecuencia: mientras la Xunta de Galicia va a destinar 30 millones de € en los próximos cuatro años para mejorar las carreteras de propiedad autonómica, usted seguirá metiendo la rueda en el bache de las carreteras municipales y seguirá padeciendo con carreteras estrechas y mal planificadas. Pero tranquilo, hombre, podrá ir al Auditorio a..... ¡ pues todavía no sabemos a qué podrá ir!



Bloque Nacionalista Galego / Isaac Rebolo Osorio. Responsábel Local do BNG de Oleiros

AGORA TÉNSENOS EN CONTA

Unha relación fluída entre Xunta e Concellos é fundamental para o bo funcionamento dos organismos locais. Oleiros sufriu historicamente dunha deixadez absoluta por parte do goberno autonómico, deixadez que raíou a total negligencia se temos en conta que os temas polos que o Concello se preocupou afectan a todas/os as/os veciñas/os.

Nos últimos meses, e grazas á chegada do BNG ao goberno autonómico esta tendencia deu un xiro de 180°.

Hoxe en día Oleiros e os seus representantes, están presentes en todas as decisións que lles afectan máis directamente. Para o BNG é moi importante que os representantes máis directos dos cidadáns teñan presenza nos programas e iniciativas que inclúan ao noso concello.

Como xa comentamos en anteriores artigos neste mesmo medio por primeira vez o Concello de Oleiros recibiu visitas dos máis importantes responsábeis autonómicos para coñecer de primeira man a realidade do Concello.

Máis estas visitas non ficaron só no formalismo da recepción senón que no comezo do ano novo estanse a cristalizar diversos proxectos e programas de colaboración, como a adxudicación e construción das vivendas de protección autonómica do Mesón da Auga, despois de máis de 8 anos de retraso; ou a tan agardada reforma do estadio do INEF que, despois de anos de esquecemento por parte das diferentes "Xuntas" e "Deputacións" do PP, vai ser unha realidade no vindeiro ano; ou o convenio coa Dirección Xeral de Xuventude para a habilitación de locais

de ensaio para os grupos de música oleiroses, ou a creación dunha oficina municipal de Turismo, ou, a máis longo prazo, o programa de inserción de lesionados medulares en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, o Hospital de A Coruña e o INEF-Galiza.

En definitiva o BNG está a demostrar en que consiste a súa forma de gobernar: dar voz a todos os axentes sociais, fuxindo do escurantismo e dos intereses particulares aos que tan acostumbrados, por desgraza, estabamos.

Os espacios desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de Bases de Réxime Local.

SANTA CRISTINA E A RÍA DO BURGO: AS OBRAS DUNHA TRANSFORMACIÓN ▼

■ Abonda con dar un paseo pola costa de Oleiros para comprobar que, dende que comezou o ano, o noso litoral está sufrindo un novo cambio de imaxe. A praia de Santa Cristina, a Ría do Burgo e o Porto de Dexo son algúns dos emprazamentos naturais e turísticos ós que máis se lles nota a chegada do 2006. Movimentos de terra, casetas de obra, maquinaria, grúas e decenas de operarios son agora os ocupantes destes recunchos que inician a súa transformación para converterse en zonas con máis servizos, mellor aproveitamento dos recursos e máis integradas no entorno. Unha mellora que, sen dúbida, repercutirá directamente na calidade de vida e confortabilidade dos veciños.



◀ Praia de Santa Cristina

◆ Cun investimento de 2.000.000 € comeza a facerse realidade un dos proxectos máis demandados polo Concello de Oleiros á Demarcación de Costas, titular deste ámbito dependente do Ministerio de Medio Ambiente. Trátase do acondicionamento e a rexeneración da praia de Santa Cristina e parte da Ría do Burgo, dous espazos moi deteriorados na actualidade.

As obras céntranse na zona onde se sitúan o **areal**, o **Club de Regatas** e o **Embarcadoiro**, procedendo á eliminación deste último e dos muros da antiga cetaria para dar paso a un novo dique mergullado nas aforas da Illa no que se emprazará o novo punto de atraque levantando unha ponte sobre pilotes dende o acceso do Camiño do Polvorín.

Tamén se rexenerará o Paseo da Avenida das Américas, onde se rexistran varios socavóns no subsolo que están a esnaquizar parte das instalacións existentes pola desaparición e movemento de áreas producidos nos últimos anos, especialmente, agravado na **zona do Madrileño**. A circulación das augas e o enriquecemento do areal entre Bastiagueiro e Santa Cristina experimentará unha considerable mellora no seu estado actual.

Procederáse á eliminación dos muros das antigas concesións marisqueiras ubicadas no interior da Ría, tras o Hotel Rías Altas, e a desaparición do recheo depositado no seu día para a construción da Ponte da Pasaxe. O dragado de diversas zonas da Ría, en beiramar, co obxecto de recuperar a antiga canle norte de circulación das augas redundará na mellora da osixenación e renovación das augas da Ría.

Paseo Ría do Burgo ▶

◆ Dentro de doce meses poderemos camiñar e disfrutar á beira da Ría do Burgo, dende Agramar ata a Ponte da Pasaxe. Así se recolle na primeira fase do proxecto que vén de comezar. Esta etapa afecta á urbanización dos seis primeiros metros do novo paseo marítimo, que contará con todos os servizos públicos, mobiliario urbano e unha gran área recreativa para disfrute de todos os veciños. A recuperación do tránsito costeiro e a creación dunha nova área de ocio, financiada integramente polo Concello de Oleiros, verase enriquecida coa recuperación da praia de Santa Cristina. Un cambio de cara que está a ser posible gracias á colaboración dos propietarios que cederon gratuitamente o seu solo en ben da comunidade.



A cala do Porto de Dexo

◆ Cunha aportación económica do Proder e cunha financiación de 112.000 €, rematouse a execución dunha nova área recreativa no ámbito natural do Porto de Dexo. Os traballos consistiron na recuperación dun espazo de interés ambiental de máis de 2.000 m² coa rehabilitación dos accesos peatonais ó mar, o acondicionamento dun merendeiro, a rehabilitación de sendeiros, e a recuperación, desbroce e limpeza dos cauces. Deste xeito facilitarase o acceso ós veciños e turistas que frecuentan a zona a diario. E, dende agora, ademais, cun novo elemento: unha representación da rosa dos ventos con figuras de golfinhos para recreación dos máis cativos.



■ A recuperación deste espazo permite dotalo de novos servizos.



■ Ultimando os traballos de acondicionamento antes da súa apertura.

Túnel N-VI

◆ A construción do novo paso inferior na N-VI, na estrada de Oleiros a Liñas, é unha realidade da que se beneficiarán os usuarios que diariamente frecuentan esta vía. A aparición de dúas rotondas e varios accesos de enlace coa nacional no ámbito do polígono industrial está a cambiarlle a cara a unha das zonas máis transitadas da comarca. A incorporación de beirarrúas e un paso elevado van a velar pola seguridade dos peóns.

... atópaos en
Oleiros



Teléfonos de Interese:

Ofréceche a actualización de datos da guía empresarial

- Centros culturais e Casas do Pobo:
CASA DO POBO DE DORNEDA..... **981 614 326**
- Páxina 30.- Artes Gráficas: Imprentas e Impresores - (Liñas)
IMPRESA ARGROVE..... **981 638 399**
- Páxina 35.- Consultorías - (Dorneda)
INNOVA RECURSOS HUMANOS..... **639 811 505**
- Páxinas 80 e 92.- Hospedaxe e Hostalería - (Nós)
HOSTAL RESTAURANTE A MARISQUEIRA..... **981 664 806**

- Páxina 117.- Servizos Profesionais e Diversos:
Empresas de publicidade - (Perillo)
RVT CONSULTING & PUBLICIDAD..... **653 618 689**
- Páxina 118.- Servizos Profesionais e Diversos:
Enxeñaría: Profesionais e Servizos - (Perillo)
CEIMA INGENIERIA SL..... **981 169 334**
- Páxina 119.- Servizos Profesionais e Diversos:
Maquinaria: Fabricación, Alugamento e Venda - (Perillo)
HESTAFIL SL..... **616 454 948**

1.200.000 EUROS PARA UNHAS RÚAS MÁIS SEGURAS ▼

■ *Unha das actuacións máis demandadas polos oleirenses é a dotación de infraestructuras viarias que posibiliten o correcto tránsito de vehículos e peóns pola estrada. Facéndonos eco desta preocupación cidadana estamos a traballar na reparación e mantemento das nosas vías así como na construción de novas beirarrúas para unha circulación máis segura e cómoda dos veciños. Para elo, a colaboración cidadana, mediante cesión de terreos, é clave. Do contrario, parálanse as obras, aumenta o perigo para os viandantes e o concello vese obrigado a recurrir a expedientes expropiatorios que non resultan de agrado para ninguén.*

◆ **A urbanización da Rúa Xosé Neira Vilas**, en Perillo, contemplada no plan de mellora deste núcleo urbano é un bo exemplo de adaptación acorde ás novas necesidades dunha sociedade en constante cambio. Este proxecto conta cunha inversión de **140.000 €** destinados á renovación de todas as canalizacións existentes (abastecemento de auga, saneamento, recollida de pluviais, etc...) e á ampliación da vía, nalgúns tramos, para axilizar o tráfico rodado. A mellora do pavimento e a dotación de beirarrúas permitirán unha circulación máis segura e fluída por unha das vías máis concorridas.

A piscina municipal, a escola infantil e os complexos residenciais en Carballido e a Barreira, marcan o desenvolvemento dunha área onde é preciso abrir novas vías de comunicación, especialmente entre o Lucín e o Miradoiro, permitindo bordear a localidade de Perillo dende a N-VI ata Bastiagueiro.

OS NOVOS ANDÉNS PEONÍS: ▼

- **Avenida República Argentina:** Igrexa de Dorneda (por Arillo) -Santa Cruz. Carril- bici, zona verde e canalización eléctrica. **162.000 €**
- **Avenida Emilia Pardo Bazán:** Entre Abeleiras e Franzomel. **130.000 €**
- **Conexión Montrove - Perillo:** Núcleo urbano de Montrove -Escola das Pedras- antigo colexio Videlba. Reordenación dos cruces de vías en dirección a Icaria e R/ Lagarteiras. **124.846,08 €**
- **R/ Concepción Arenal (Sta. Cruz):** Entre Bastiagueiro, Romardeiro e Santa Cruz. Beirarrúas, pola marxe dereita, entre o Coruxo de Arriba e Coruxo de Abaixo. Infraestructuras subterráneas, zona verde e mobiliario urbano. **88.267 €**



■ Avenida Miguel Hernández na actualidade.

- **Avda. Miguel Hernández:** Une O Carballo e Oleiros, Colexio Cristo Rei e Instituto Miraflores. **39.000 €**



■ Tramo paralizado en Valle Inclán pola falla de colaboración veciñal.

◀ ANDÉNS POR CONTRIBUCIÓN ESPECIAL:

◆ O pasado mes de febreiro o Concello de Oleiros víuse obrigado a recurrir á última vía administrativa posible, a aprobación plenaria de contribucións especiais, para rematar as beirarrúas paralizadas pola falla de colaboración dun grupo minoritario de veciños que se negaron a participar na cesión de terreos para habilitar novas zonas públicas de tránsito incurrindo nun agravio comparativo con respecto á actitude xeneralizada do resto da comunidade. As vías afectadas onde se vai proceder ás melloras son:

- **Avenida Valle Inclán (Perillo)** **79.743 €**
- **R/ Celso Emilio Ferreiro (Serantes)**.. **235.306 €**
- **Avenida Venezuela (Oleiros)** **44.000 €**

O ENSANCHE DA RÚA FUXEIRAS



■ Antes



■ Agora

◆ Estas dúas fotografías reflexan o cambio experimentado na **Rúa Fuxeiras** tras acometer, hai escasas semanas, diversas obras de mellora e ampliación da estrada **pasando dos 3 metros iniciais** dos que dispoñía **a 12** que ten na actualidade. Agora o tránsito fluído de coches e peóns é posible **gracias á vontade e colaboración dos veciños** que cederon gratuitamente o solo en beneficio de todos. O resultado á vista está.

MODERNIZAMOS AS INSTALACIÓNS DE USO SOCIAL

● Centro Cultural de Montrove: 3000 €

Procedemos a ampliar e modernizar as instalacións polo notable incremento de usuarios. Reordenouse o primeiro andar para aumentar a biblioteca habilitando unha nova área sobrance. Instalamos unha mampara de vidro separando así a a cafetería do resto das salas para evitar as correntes de aire ocasionadas pola permanente entrada e saída de persoas a esta zona. O proxecto concluirá cando se pinte, en breve, o edificio.

● Escola das Pedras: 59.000 €

Renovación da estrutura e nova cubrición xunto coa rehabilitación integral do edificio que, de seguido, pasará de ser unha sede social a constituir a nova ubicación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

● Casa da Cultura de Perillo: 57.338 €

Instalación dun ascensor para acadar un maior aproveitamento das plantas altas coa conseguinte eliminación de barreiras arquitectónicas.



■ Fachada en obras da Escola das Pedras.



■ Vista exterior da ampliación da biblioteca de Santa Cruz.

● Ampliación da Biblioteca de Santa Cruz: 44.788€

A biblioteca situada no Centro Cultural As Torres acaba de incrementar a súa superficie habilitando a terraza exterior do edificio, que se pechou con ventanal, para poder ser utilizada polos usuarios, cada vez máis numerosos.

● Acondicionamento do baixocuberta do local social de Dexo: 29.000 €

Habilitouse unha nova sala de reunións no baixocuberta ademais de acometer diversas melloras na área destinada a usos múltiples que permiten unha maior accesibilidade.

● Casa Echeverry (Perillo): 26.000 €

Estase a proceder á renovación da carpintería exterior e, en breve, comezaran as obras de mellora da fachada e da cuberta. Tamén se contempla o acondicionamento da parcela para unha correcta adecuación do edificio.

● Casa da República en Oleiros: 16.305 €

Restauración íntegra da carpintería existente coa colocación de portas e ventanas neste singular e emblemático edificio destinado a usos múltiples de carácter social e cultural.

AS XESTIÓNS DO ALCALDE: UNHA OLLADA A SÚA AXENDA ▼

◆ Un repaso pola axenda institucional do alcalde nos deixará ver as visitas, reunións e entrevistas mantidas cos titulares das diferentes consellerías da Xunta de Galicia solicitadas a petición do Alcalde para abordar numerosas cuestións de relevancia para o noso municipio. Patrimonio, Educación, Sanidade, Industria foron algunhas das carteiras de goberno ás que o rexedor municipal trasladou os vosos proxectos, preocupacións e necesidades sen esquecer as xuntanzas cos máximos mandatarios da provincia e da comunidade autónoma.

■ **19 de xaneiro:** Entrevista co **Presidente da Deputación Provincial de A Coruña**. García Seoane solicita a **cesión dos terreos** para a construción do novo **Auditorio Municipal de Bastiagueiro**. Fernández Moreda, máximo representante da entidade comprométese a facer **entrega inmediata** dos mesmos.

■ **20 de xaneiro:** O noso rexedor acude a Santiago de Compostela á **Firma do Pacto Local** entre o Presidente da Xunta de Galicia e as administracións locais. Regúlase o programa de Investimentos para os municipios.

■ **23 de xaneiro:** **Visita** Institucional do **Director Xeral de Patrimonio**, Felipe Arias, para coñecer en primeira persoa, a riqueza de parte do noso patrimonio histórico. Nesta ocasión, tocoulle a quenda ós **Castros de Xaz e Subiña**. Establecerase un **protocolo de colaboración** para a posta en valor, conservación e mantemento destes monumentos históricos e a rehabilitación das murallas exteriores do Castelo de Santa Cruz.



■ Os rexedores do Consorcio das Mariñas conversaron co Presidente da Xunta sobre a área metropolitana



■ O Alcalde de Oleiros ó inicio da súa entrevista co Conselleiro de Industria

■ **23 de xaneiro:** Entrevista do **Consorcio das Mariñas** co **Presidente da Xunta de Galicia** en Santiago de Compostela. Demandouse un maior desenvolvemento e expansión da **Área Metropolitana**. Mais inversión, novas infraestruturas e maior autonomía. Acadouse un **compromiso firme para a contratación, este ano, da Vía Ártabra**.

■ **24 de xaneiro:** O **Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Rural** visita o Castelo de Santa Cruz para tomar o relevo ó noso alcalde na **presidencia do CEIDA**. Declara a **Oleiros referente medioambiental** para Galicia e aventura novas inversións e actividades de interese autonómico no Castelo.


■ **07 de febreiro:** Ángel García Seoane visita ó **Delegado Provincial de Educación**. Solicítase a construción da nova escola infantil de Canide e estudar a viabilidade doutra en Oleiros ademais das melloras no edificio antigo de A Rabadeira.

■ **08 de febreiro:** **Visita** do **Director Xeral de Benestar Social**, Bieito Seara, acompañado da **Delegada de Vicepresidencia**, Tareixa Novo, con percorrido polas instalacións do centro xeriátrico de Oleiros e o Pazo de Arenaza, sobre o que pesa un ambicioso proxecto de rehabilitación destinado a súa reapertura como Centro de Atención e Asistencia para maiores.

■ **10 de febreiro:** **Entrevista** en San Caetano co **Conselleiro de Industria e Innovación Tecnolóxica**, Fernando Blanco. O alcalde expón a **política de bloqueo** levada a cabo pola empresa eléctrica **Unión FENOSA en Oleiros** sustentada na falla de renovación do tendido dende hai trinta anos, inexistente colaboración para a retirada de antigos postes de electricidade, que entorpecen o tránsito en diferentes vías do concello, un subministro deficitario e o inexplicable retraso na posta en funcionamento das novas urbanizacións ou no Polígono Industrial de Iñás. **Cada un destes asuntos serán sometidos a un exhaustivo estudo** por parte do goberno autonómico.

◆ Estas e outras xestións municipais realizadas en órganos de goberno como a Demarcación de Carreteras do Estado, Servicios Sociais, Augas de Galicia, etc. darán os seus froitos en breve e así os recolleremos en posteriores edicións.

Á VENDA AS PARCELAS MUNICIPAIS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE IÑÁS



◆ Este é o plano de situación coas parcelas de propiedade municipal que o Concello de Oleiros vén de poñer á venda para todos os interesados en adquirir solo industrial no Polígono de Iñás. O prazo para a presentación da documentación permanecerá aberto durante o mes de abril e primeira quincena de maio.

Trátase de nove áreas, cunha superficie global de 32.829,95 m², obtidas gratuitamente a través do 10% do proceso urbanizado de xestión directa municipal, que poderán ser compradas mediante o correspondente sistema de concurso público. As características das parcelas que se someterán a licitación baséanse no uso industrial, comercial e hoteleiro das mesmas sendo edificables ata 9 mts. de altura e cunha superficie individual que oscila entre os 1.664 e os 9.285 m².

Por outra banda, existen tres terreos cunha extensión conxunta de 17.677 metros cadrados que se atopan en réxime fiduciario, é dicir, teñen propietario pero se descoñece a súa identidade.

Nestes casos o concello operará da seguinte maneira: se manterán en reserva á espera de que sexan reclamados. De non ser así, poderán pórse á venda pública, se fose preciso, coa conseguinte indemnización para o seu titular si, con posterioridade, se acredita como tal.

Para mais información poderán acudir á Secretaría Xeral do Concello, sita no primeiro andar da casa consistorial. A través da emisora municipal Radioleiros, no 101.5, e da páxina web institucional ofrecerase un seguimento puntual de dito proceso.

NOTA: ABSTERSE ESPECULADORES. Unha vez adquiridas as parcelas será de obrigado cumprimento a construción das mesmas nun prazo máximo de seis meses.

A NOVA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL ▼

■ O Plan de Mellora da Rede de Saneamento Municipal supón a plasmación dunha política comprometida coa protección medioambiental e coa dotación de modernas infraestruturas capaces de atender a demanda dunha poboación en constante crecemento. Preto de 4.000.000 € foron investidos nos novos sistemas de bombeo e depuración, deixando paso a unhas instalacións totalmente renovadas e equipadas coa tecnoloxía máis axeitada. A rexeneración e conservación dos espazos naturais e do noso litoral queda garantida coa execución dunha trintena de actuacións entre as que destacan as de Mera, Canide e as que se relacionan a continuación:



■ BOMBEO PONTE DA PASAXE

◆ Xa entrou en funcionamento. O novo bombeo de augas residuais da Ponte da Pasaxe está ubicado detrás da Casa das Chinchillas, ó lado do Hábitat. Recolle os verquidos dos concellos de Oleiros e Cambre e a súa función será derivalos a Bens. Trátase dunha obra realizada integramente baixo terra, cun colector de impulsión que atravesa a ría, permitindo ordenar e urbanizar a zona do Paseo Marítimo entre Agramar e A Fábrica, contemplada na 2ª fase do proxecto de recuperación ambiental do Paseo da Ría do Burgo. Con esta actuación queda anulado o anterior bombeo baixo a Pasaxe.

■ BOMBEOS SANTA CRUZ

◆ Ubicado no Parque Luis Seoane. Recolle os verquidos de Dorneda, Santa Cruz e os bombeos de Mera e Canide, derivándoos cara a Pasaxe. Trátase dunha obra de mellora do grupo electrógeno coa instalación dunha 2ª acometida eléctrica e novas bombas. Tamén conta cun sistema reductor de malos cheiros.



■ BOMBEO BASTIAGUEIRO

◆ Xa está en funcionamento detrás da praia e completamente soterrado. Conta cunha nova tubería de impulsión ata Nirvana e recolle os verquidos da zona de Bastiagueiro (Galeras, Romardeiros, Os Regos, Espiño e Muíño do Vento).



■ **NOVA DEPURADORA LORBÉ**

◆ Máis de 400.000 € invertidos nun novo sistema de depuración ubicado na baixada cara o Porto de Lorbé, nunha parcela municipal situada a carón da antiga depuradora.
A nova instalación recollerá as augas residuais dunha parte do núcleo de Lorbé xunto cos bombeos de Agra do Río e O Couto.
Optimizamos un servizo público para minimizar os verquidos sen perxuízo para o entorno e en beneficio dos veciños.

■ **DEPURADORA DE OLEIROS**

◆ Comezadas as obras de construción na localidade de Xubín, lonxe do casco urbano para non causar molestias ós residentes.
Anulará os anteriores bombeos de Xubín e o Bosque, substituindo a antiga depuradora da nave de servizos municipais.
As augas tratadas nesta depuradora regarán o futuro campo de golf de Xaz.



■ **COLECTOR DENDE IÑÁS Á BARCALA**

◆ Novo colector que recolle os efluentes do tercio sur do termo municipal, abarcando dende Iñas ata a Barcala cunha lonxitude de case **cinco kilómetros**.
Esta nova instalación terá maior capacidade e mellor funcionamento grazas á dotación de sistemas tecnolóxicos de última xeración impedindo o paso de augas pluviais na rede de fecais

■ **TELECONTROL DOS NOVOS BOMBEOS**

◆ O Departamento de Obras Públicas procede á instalación dun sistema centralizado de telecontrol que permite supervisar, dirixir e subsanar calquera deficiencia ou anomalía no funcionamento dos bombeos de augas residuais corrixíndoas a distancia dende as dependencias do Concello.



**SE TES CAN, NON PERMITAS QUE FAGA NA RÚA
O QUE NON LLE DEIXAS FACER NA CASA.**

RECOLLE OS SEUS REFUGALLOS.

OS ESPACIOS PÚBLICOS SON PROPIEDAD DE TODOS.

RESPECTAOS



URBANIZACIÓN PUNTA CANIDE

“AS MENTIRAS”

La gran mentira de Canide

PABLO COBIÁN

En agosto de 2002, fecha en la que se da a conocer un informe de la Xunta de Galicia en el que se señala que el plan de Canide incumple el propio Plan General del Ayuntamiento y que invade terrenos incluidos en la zona de servidumbre de costas.

Este hecho no ha gustado al regidor oleirense. Sin embargo, y como hay que salir de todas, las declaraciones del alcalde hoy por hoy y sobre el mismo asunto son bien distintas. En una información publicada en La Voz de Galicia de los pasados 20 de marzo de 2002, el alcalde decía: «El plan de Canide es un plan de urbanización que se ajusta a lo que establece el Plan General del Ayuntamiento y a lo que establece el Plan Xeral de Ordenación Urbana».

«Pelotazos» anulados
La Xunta ha suspendido, hasta ahora, los planes urbanísticos completos de los municipios de Teo, O Grove, Pontearreas, Tui y Sada. La razón es la detección de importantes irregularidades jurídicas y urbanísticas. Asimismo, debido a polémicas o denuncias judiciales de afectados, varios ayuntamientos gallegos han optado por paralizar proyectos de importantes urbanizaciones costeras. Es el caso de Muxía Inmobiliaria, en la Costa da Morte, de Xove, en A Mariña de Lugo —donde se ha cancelado un proyecto de 1.500 viviendas— o de Punta Canide, en Mera (2.000 viviendas en la costa coruñesa).

A FONDO
LA ORDENACIÓN DEL LITORAL GALLEGO
La mayoría de los ayuntamientos obtienen dinero o dotaciones a cambio de convenios de recalificación

Una oleada de urbanizaciones amenaza 45 áreas vírgenes de la costa gallega

Los proyectos más importantes precion 35.000 apartamentos y 17 campos de golf

Principales urbanizaciones en la costa

Manuel V. Sala

Un total de 35.000 viviendas, 17 campos de golf y 24 centros de ocio y turismo en construcción, en las costas gallegas. Algunos ejemplos:

- Oleiros (Punta Canide, Mera) 2.000
- A Coruña (O Portiño) 3.300
- A Coruña (Puerto) 4.000

“A REALIDADE”



◆ A paralización e a obriga de ter que axustarse ó Plan Xeral de Ordenación Urbana, redactado e aprobado pola segunda corporación da democracia, provocou durante 18 anos a consecución de numerosos xuízos civís, penais, contenciosos, etc. que, salvo en raras excepcións, fixeron prevalecer os criterios do goberno municipal nos máis de vinte preitos presentados.

A promotora inmobiliaria Canide S.A, vendo imposible facer o que quería, vendeu á actual empresa de promocións os terreos respectando esta última o Plan Xeral Municipal. Coa correspondente adaptación poderanse edificar:

- 304 vivendas, en vez das 1.816 que pretendía Canide S.A., das que 114 serán plurifamiliares e 160 de carácter unifamiliar (independentes e adosadas).
- 16.164 m² destinados a áreas verdes e zonas de espacramento social e xogo.
- 9305 m² adicados á construción dun novo centro docente.
- 1876 m² para infraestruturas deportivas.
- Ademais se liberan mais de 80.000 m² para parques costeiros e se cede ó Concello o solo necesario para equipamentos públicos co correspondente 10% do dereito de vivendas, resultando 16 para a promoción pública e o resto libres en parcelas unifamiliares. A urbanización contará cun hotel, unha área comercial e zonas deportivas así como amplos espazos para aparcamento.

“AS VERDADES”



◆ A Urbanización Canide é promovida, no ano 1965 e posteriores, por altos cargos públicos da capital de España e “notables” da cidade de A Coruña: empresarios, banqueiros, ordes relixiosas. Esta urbanización, baixo a denominación de “Centro de interés turístico nacional de Santa María de Canide”, escondía unha aberrante operación especulativa que abarcaba máis de 350.000 m² da Costa de Maianca.

Para facer realidade a citada operación, durante a década dos 70, procedeuse á expropiación de leiras, propiedade dos veciños da zona, pagándollos a 7 pts/m², contando para elo coa colaboración das últimas corporacións municipais non democráticas, que como se sabe, eran nomeadas polos gobernadores civís.

A raíz das primeiras eleccións democráticas a Candidatura dos Veciños, hoxe convertida en Alternativa dos Veciños, paralizou esta aberrante especulación, que ata ese momento só chegara a actuar na zona adicada a chalés, que pretendía encher de cemento a nosa costa chegando a privatizar as calas de Portelo e Canide.



¡ESTA É A ÚNICA VERDADE!

Foi esta unha loita contra todo e contra todos os que pretendían destrozarnos os lugares máis fermosos de Oleiros. E **NON POIDERON**, a pesares dos poderes fácticos que tiñan do seu lado.

■ Casa ilegal na Illa de Canide VOADA polo actual goberno municipal.


ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2006

O TEU DIÑEIRO EURO A EURO

■ O ano comezou coa aprobación dos novos orzamentos o pasado mes de xaneiro e a súa ratificación plenaria en febreiro para o visto bo definitivo. Así **só o equipo de goberno, formado por Alternativa dos Veciños e BNG, votou a favor** duns presupostos que farán realidade novos proxectos mediante un continuo goteo de investimentos destinados a infraestrutura viaria, medio ambiente, saneamento, urbanismo, alumeados, promoción da cultura e do deporte e benestar social.

¿EN QUE SE GASTARÁN

29.700.000 €?



BENESTAR COMUNITARIO.... 11.500.000 €

◆ Así denominamos aquelas actuacións adicadas á creación, mantemento e mellora dos equipamentos e servizos que, día a día, repercuten máis directamente na calidade de vida e no correcto e ordeado desenvolvemento de toda a comunidade oleirense. Sanidade e Consumo, Vivenda e Urbanismo, Medio Ambiente, Obras Públicas, Saneamento, Servizos Municipais, Limpeza Viaria ou Alumeados Públicos son algúns dos apartados que recollen un maior gasto.

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E O DEPORTE 7.150.000 €

◆ Os importes destinados a infraestruturas, programas e actividades que perseguen a difusión e promoción da cultura e o deporte. Políticas baseadas na dotación de novos recursos (novo auditorio, mellora e mantemento de instalacións,...) pero tamén na posta en marcha de iniciativas orientadas á aprendizaxe, o entretemento e o fomento de conductas axeitadas para o desenvolvemento dunha vida saudable e de calidade (música, teatro, cinema, sendeirismo, escolas deportivas, etc...).

ADMINISTRACIÓN XERAL..... 6.900.000 €

◆ Recolle o capítulo de gastos relativo ós órganos de goberno e a administración central destacando a adquisición de material diverso e mantemento e conservación de edificios públicos ademais do funcionamento interno de determinados departamentos.

EN BENESTAR SOCIAL..... 4.150.000 €

- Servizos Sociais
- Proxectos Formativos
- Promoción do Emprego
- Centro Municipal de Formación
- Seguridade Cidadá

◆ Nestos apartados resúmense algunhas das inversións que realizamos en actividades destinadas á promoción do emprego, obradoiros ocupacionais, programas de servizos sociais orientados a servizos de coidado dos cativos e atención ós nosos maiores. O Centro de Formación e a Seguridade Cidadana, centralizada na Policía Local e Protección Civil, tamén son elementos destacados nesta partida económica dirixida a crear e manter o benestar social dos que vivides en Oleiros.

Dos 29.700.000 €, adícanse a **INVERSIÓN**s en **OBRAS E SERVIZOS** 11.210.000 €

■ As seguintes partidas corresponden na súa totalidade a investimentos en **INFRAESTRUCTURAS**.

MEDIO AMBIENTE..... 2.300.000 € ▼

PARQUES, PRAZAS E PASEOS: 1.600.000 €

- Recuperación ambiental borde da Ría do Burgo – 2º fase
- Acondicionamento de parques en: Dexo-Serantes. Mantemento do parque costeiro /Urb. As Toxeiras. Plantación e accesos /Urb. AS Galeras II. Parque e paseo / Zona Traseira de Bastiagueiro. Aumento do parque tras a finca da Silva /“Rigoberta Menchú”. Mellora da vexetación
- Construción do mirador en Nirvana
- Renovación de xogos nos parques infantís
- Ampliación de áreas verdes nas parroquias
- Limpeza e plantación do Parque Metropolitano
- Plan de sinalización urbana
- Dotación de mobiliario en zonas verdes
- Reposición de especies arbóreas
- Novas localizacións para a reciclaxe do lixo

SANEAMENTO E DISTRIBUCIÓN AUGA: 700.000 €

Realizando as melloras que sexan necesarias para completar a renovación da rede de saneamento municipal, clave para optimizar as condicións de vida dos cidadáns.

- Renovación de colectores de saneamento
- Plan de alcantarillado en: Avda. Fonte de Ouro (Oleiros) /Rúa Amado Carballo
- Modernización do sistema de bombeos e adquisición de novas tecnoloxías
- Recuperación de mananciais
- Acondicionamento de fontes urbanas
- Mellora de tubarías nas rúas: Garruchas, Francisco Añón e Miguel Hernández.
- Implantación dun sistema de hidrantes contraincendios
- Novas acometidas para a limpeza de contenedores

VIVENDA E URBANISMO..... 1.600.000 € ▼

■ Adquisición de terreos en:

- Naval, para o parque costeiro
- Paseo Marítimo na Ría do Burgo
- Senda Santa Ana – Canide
- Senda Bastiagueiro – Nirvana
- Outras sendas costeiras, parques e paseos
- Rúa do Inglés
- Apertura e ampliación de novos viais
- Terreos de servidume para colector cemiterio Dexo

- Redacción do proxecto sendeiro As Galeras – Santa Cruz
- Elaboración de estudos de desenvolvemento urbanístico
- Acometer Urbanización Cabreira e Meixón Frío

VÍAS PÚBLICAS..... 1.350.000 € ▼

■ Pavimentación, afirmado e aperturas en:

- R/ Codesal – Montrove
- R/ Pinar do Río (Serantes)
- R/ Lamalonga (Maianca)
- R/ da Xustiza. (Nós). Un tramo
- R/ A Areosa (Maianca)
- R/ Seixo Branco (Serantes)
- R/ Corredoira da Raíña (Dorneda)
- R/ Agurniño (Serantes)
- R/ Eira da Concha (Liáns)
- R/ do Vencello (Dorneda)
- Accesos á Urb. Os Regos (Liáns)
- Urbaniz. Pía de Maianca
- Praza do Castelo (Liáns)
- Camiño O Mazadoiro (Serantes)
- Anchear Avda. Tierno Galván (Maianca)
- Praza de Liáns

■ Construción de beirarrúas e andéns peonís:

- Breixo / Lourido (Dorneda)
- Arillo / Casa do Pobo (Dorneda)
- Arenaza / Casa do Pobo Iñás
- Abeleiras / Franzomel (Dorneda)
- O Regacho / Broño
- R/ Maside (Nós)
- Avda. Che Guevara / Neira Vilas / Nirvana (Perillo)
- Avda. Fonte do Ouro (Oleiros)
- R/ do Portelo (Lorbé / Dexo)
- R/ Salvador de Madariaga (Montrove)
- R/ do Río (Oleiros)
- R/ Leticia (Oleiros)
- R/ Doctor Fleming (tramo Cividanes)
- Rúas na Urbaniz. de Canide (Maianca)

■ Dotación de Alumeado Público

- Melloras en: Centro de Montrove, Rialta 1ª fase, casco de Xoés
- Reforma de alumeados por eliminación de postes de electricidade
- Novos alumeados en R/Río do Couto, Eduardo Pondal, Alelís, O Piñeiro...
- Novas dotacións para os parques de Sta. Ana e Maianca
- Acometidas eléctricas
- Plan de aforro enerxético
- Pazo de Miraflores

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E DO DEPORTE..... 5.300.000 € ▼

CULTURA

- Novo Auditorio de Bastiagueiro
- Rehabilitacións en: Casa de Agramar, Echeverry, Escola das Pedras
- Melloras na Biblioteca Rialda
- Pintado nas Casas do Pobo de: Iñás, Lorbé, Montrove e Dorneda ademais da reforma de outros centros cívicos
- Renovación das instalacións da Recadación Municipal
- Varias actuacións no Castelo de Santa Cruz
- Remates na escola de O Carballido
- Nova dotación de material para o Auditorio Gabriel García Márquez

DEPORTE

- Cubrición da pista polideportiva no Instituto Neira Vilas
- Obras complementarias na piscina de Oleiros
- Renovación de pavimento e pintado no Pavillón de Bastiagueiro
- Parque de monopatín en José Martí

SERVICIOS XERAIS... 660.000 € ▶

NOVAS TECNOLOXÍAS E COMUNICACIÓN
SERVICIO DE LIMPEZA VIARIA.
MANTEMENTO DE EDIFICIOS MUNICIPAIS

CAMPAÑA VIAL

EN OLEIROS, CONTROLA O TEU REDOR ▼

■ A nova campaña de seguridade e educación vial botouse a andar en Oleiros acadando ata o de agora unha notable aceptación entre a poboación que está a participar activamente no desenvolvemento das diferentes actividades. Este programa, que ten carácter anual, pretende deixar de manifesto a importancia dunha convivencia respectuosa entre peóns e conductores a través do cumprimento da normativa en materia de circulación e da conciencia cívica de todos os que, día a día, transitamos polas rúas.

◆ As liñas de actuación céntranse en dous grupos de acción: a información a pé de rúa e os programas formativos.

■ **NA RÚA:** Axentes da Policía Local son os encargados de poñer en marcha as campañas informativas que, quincenalmente, céntranse nas condutas de risco que máis abundan no noso concello tentando advertir ós cidadáns das súas consecuencias e poder así modificar os seus comportamentos. Logo de abordar, nas horas e zonas de maior tránsito, temáticas como o “transporte de menores en vehículos particulares” e o “Uso do cinto de seguridade”, estamos volcados de cheo na importancia do “Uso do casco”. Os seguintes enunciados recollen os principais causantes dos accidentes en estrada. Por iso quixemos incluílos tamén no noso programa municipal.

- 10 – 30 Abril “Respecto ós pasos de peóns”.
- 15 – 31 Maio “Velocidade”.
- 12 – 30 Xuño “Alcohol na conducción”.
- 11– 30 Setembro “Transporte de menores en vehículos particulares”.
- 16 – 31 Outubro “Respecto ós pasos de peóns”.
- 13 – 30 Novembro “Uso do cinto de seguridade”.
- 1– 17 Decembro “Uso do teléfono móbil”.



Aínda que se trata dunha iniciativa que pretende formar novas condutas, os **comportamentos reincidentes** dos usuarios que non cumpran coa normativa serán **denunciados** pola Policía Local.

■ **NA AULA:** Lévanse a cabo actividades didácticas para concienciar a nenos e adultos da necesidade de cambiar as condutas e os comportamentos de risco para unha circulación máis segura. A colaboración do departamento de Policía é imprescindible para a posta en marcha de:



■ No centro os concelleiros de Ensino e Réxime Interior durante a presentación da campaña.

● **Talleres de educación vial**, para os 660 rapaces de 6º de Primaria, 4º da ESO e Bacharelato dos centros públicos de Oleiros. Este ano serán os propios alumnos os que elaboren o deseño da vindeira edición participando no **I Concurso de Carteis**.

● **Clases adaptadas** para os integrantes de Aspadisol

● **Charlas a entidades e colectivos locais:** APAS, Terceira Idade, asociacións, agrupación deportivas, culturais e veciñais, etc.

● **Reparto de dípticos informativos, brazaletes reflectantes e pegada de carteis.**

◆ Dende o goberno local tamén seguiremos a controlar o noso redor co equipamento de máis infraestruturas axeitadas ás vosas necesidades con novos andéns peonís, mellores sinalizacións e unha maior reordenación do tráfico.

ESCOLARES DE PRIMARIA E SECUNDARIA CREAM ESCOLAGUAP@ ▼

■ *Sensibilidade, participación, estímulo e convivencia. Estes son os obxectivos que persigue o novo proxecto que vén de presentar a Concellería de Educación e Ensino nos centros escolares públicos de Oleiros en Primaria e Secundaria. Preto de 3000 alumnos terán un duro pero fermoso reto por diante: converter cada centro nunha Escolaguap@. Os deseños comezan a tomar forma. Cativos e adolescentes traballan xunto cos seus titores na elaboración duns proxectos que deberán inscribir no colexio propoñendo e xustificando a nova decoración.*

◆ As propostas deberán axustarse ás normas establecidas pola Comisión Ambiental, integrada por representantes da comunidade educativa e do concello, procurando a mellora e o embelecemento de cada instalación. O premio: unha Escolaguap@ e agasallos para todos ademais de varias viaxes educativas. Así que, ¡ánimo e a traballar!

Esta actividade verase complementada coa oferta educativa municipal que todos os anos se desenvolve nos diferentes centros escolares. Este curso adquire especial importancia o programa de prevención en materia de drogas "Non é tan extraño", dirixido ós rapaces de 5º e 6º de educación primaria co fin de promover condutas e hábitos saudables entre os xoves.

PROGRAMA COMPLEMENTARIO DE EDUCACIÓN FÍSICA: ¿ONDE E PARA QUEN?

É outra das actividades nas que está a traballar o departamento que coordina Javier Álvarez Costoya. Consiste na elaboración dun novo proxecto dirixido á comunidade escolar que estará en marcha ata o mes de xuño desenvolvendo unha ampla oferta de actividades como:

- **xogos acuáticos**, para 4º e 5º de primaria, e **Natación**, para os de 6º de primaria e 1º da ESO (Piscina de A Fábrica)
- **remo e Kaiak de mar**, 6º de primaria e 1º da ESO (Escola de Remo)
- **Kayak de Mar e Surf/ Body-board**, para 4º da ESO e Bacharelato (Praia Bastiagueiro)
- **Rafting**, alumnos de Bacharelato. Descenso polo Río Ulla
- **Escalada deportiva**, ofertada ós de **3º da ESO** (Rocódromo Municipal e Pavillón de Canide).

Seguimos a traballar na elaboración doutras iniciativas de cara á temporada estival. Continuaremos informando

PANXEA: UN EXEMPLO DE INTERCAMBIO ▶

◆ E seguimos falando de escolares porque os de 5º e 6º de primaria están de noraboa. A través da súa participación en PANXEA, un programa intercultural organizado polo departamento de Servizos Sociais, están a dar un exemplo de integración, solidariedade e tolerancia á sociedade.

A través do xogo e da posta en marcha de actividades pedagóxicas, os alumnos intercambian idiomas, costumes e culturas sen moverse dos pupitres, gracias á pluralidade de razas que están a convivir en Oleiros. Ata o de agora, a colaboración dos centros e a implicación dos escolares están dando resultados moi positivos permitindo achegar o universo racial a cada aula do municipio.



INSTITUTOS SOLIDARIOS ▶

◆ E para os mozos de 4º de ESO, 1º e 2º de bacharelato e 1º ciclo formativo dos IES "María Casares", "Neira Vilas" e "Miraflares", dende o Servizo Municipal de Voluntariado púxose en marcha o programa Oleiros Solidario para conciencialos sobre a importancia da solidariedade e a colaboración internacional a través da celebración de sesións teóricas centradas no asociacionismo, o voluntariado e a cooperación. Estas clases didácticas veranse complementadas coas visitas ós centros de expertos no desenvolvemento deste tipo de iniciativas.

A CASA DO CONCELLO: NOVOS SERVICIOS E MÁIS ESPACIOS ▼

■ *Din que ó edificio do concello lle cambiou a cara. E é verdade. As reformas da casa consistorial concluíron e con elas gañamos en accesibilidade, amplitude e comodidade. Un aspecto máis moderno onde a nova redistribución dos espazos, un mobiliario funcional e o pintado interior e exterior do edificio, permitirá ós usuarios disfrutar dunhas instalacións actuais á altura das súas necesidades. Unha nova imaxe renovada por fóra e por dentro porque tamén aumenta a prestación de servizos públicos. Un sistema de atención personalizada que, facendo uso das últimas tecnoloxías, permitirá centralizar nunca única área todas as vosas consultas e trámites sen necesidade de andar de porta en porta.*

◆ O departamento de Atención ó Veciño e a Área de Urbanismo son, por volume de traballo e visitas, as dependencias que experimentan unha transformación máis notoria. Pero no concello tamén poderás atopar resposta nos seguintes departamentos municipais:

- **1º andar:** Atención ó veciño, departamento de Estadística, Rexistro e Padrón. Oficina de catastro municipal, persoal e recursos humanos e centraliña, cunha atención telefónica continua de 8 da mañán a 8 do serán.
- **2º andar:** Orde público e réxime interior, secretaría xeral, alcaldía, comunicación e xerencia.
- **3º andar:** Área de Urbanismo.

ATENCIÓN Ó VECIÑO ▶

◆ Está ubicado na marxe dereita do primeiro andar. A nova redistribución do espazo aporta máis amplitude a unha área iluminada e cómoda onde se habilitou unha sala de espera dotada cun sistema electrónico de citas e unha pantalla de proxección audiovisual que fai máis amena a estancia. Pero o servizo máis novidoso consiste na centralización de todos os trámites administrativos neste departamento para evitar que os cidadáns se vexan obrigados a peregrinar de despacho en despacho duplicando instancias innecesarias. Calquera petición, dúbida ou seguimento dun expediente poderá ser cursado nesta ubicación.



◀ ÁREA DE URBANISMO

◆ Está situada no terceiro andar do consistorio. Levouse a cabo unha reordenación integral das súas instalacións. Máis dunha ducia de profesionais especializados en diferentes disciplinas urbanísticas traballan para dar resposta a unha demanda que cada día esixe máis calidade, máis desenvolvemento e máis control. Unha poboación que se interesa por coñecer as normas e que respecta o entorno precisaba dunha rigorosa actualización de todos os nosos recursos técnicos e humanos.

En Oleiros vivimos 31.819 veciños que poderíamos cooperar

▶ ■ Se queres colaborar na cooperación internacional só precisas un dato:
CONTA SOLIDARIA PERMANENTE 2091- 0064-58-304001138

OS PÉTALOS DA CULTURA ▼

■ *Obradoiros de alfarería, ciclos de cinema, teatro, encontros literarios, a Hora do Conto... Son algunhas das alternativas que diferentes departamentos municipais preparan para ti de cara ós vindeiros meses de primavera. Un novo trimestre que florece cheo de actividades, programas e novos proxectos para o tempo de lecer. Unha nova tempada na que conxugar luces e cores, música e libros, representacións e conferencias, escritores e proxeccións será posible. A continuación algúns dos máis destacados. Toda a información sempre á vosa disposición no 981/610 000.*

● **MÚSICA:** Ábe Rábade presenta GHU! Proyect. O 1 de abril no Auditorio de A Fábrica. Actuación do quinteto de jazz dirixido a todos os públicos.

● **TEATRO:** "HAMLET" en Oleiros (compañía RTA Produccións). O 23 de abril a representación teatral máis esperada do ano no Auditorio "Gabriel García Márquez" de Mera. A obra, de William Shakespeare, está adaptada e dirixida por Lino Braxe e interpretada por un elenco de actores da talla de Luís Tosar, Manuel Manquiña, Gonzalo M. Uriarte, Víctor Mosqueira e Miguel Pernas, entre outros destacados do panorama galego.

● **CINEMA:** Ciclo de Primavera para abril, maio e xuño con proxeccións no Auditorio de "A Fábrica", en Perillo. As películas serán puntualmente anunciadas polo Departamento de Cultura.

● **OBRADOIROS:** O departamento de cultura organiza dous:

■ **de Alfarería:** Iniciación e perfeccionamento no Alfar do Parque de "As Torres" en Santa Cruz ata mediados de xullo. Técnicas de manipulación do barro e instrumental empregado. O prezo é de 34 € mensuais para os empadroados e de 42 € para o resto. Imparte as clases Jose Luis Ribas en dous turnos: Luns e Martes, de 16:30 a 18:30 horas e de 18:30 a 20:30 horas.

■ **de teatro:** Para maiores de 18 anos. No Teatro de As Torres de Santa Cruz ata finais de abril. O prezo é de 18 € mensuais para os empadroados e 25 para o resto. Imparte as clases o actor Manuel Areoso en dúas sesións: os luns de 6 a 8 da tarde e os martes de 6 a 10 da noite.

● **BIBLIOTECAS :**

▶ **Encontros con escritores:**

■ **en Rialeda** estará David Otero o 7 de abril cos alumnos do 5º curso de primaria do CEIP Valle Inclán, de Perillo

■ **en As Torres de Santa Cruz** estará Rosa Aneiros o 25 de abril cos de 1º de bacharelato do IES María Casares

▶ **A Hora do Conto: Calendario para menores de dez anos:** ▼



■ Luís Tosar encabeza ós membros de "Hamlet".

"ANXEL FOLE". NÓS

■ Marzo: o venres, día 31
■ Abril: o venres, día 21
■ Maio: o venres, día 12

BIBLIOTECA DE IÑÁS

■ Marzo: o venres, día 24
■ Abril: o venres, día 28
■ Maio: o venres, día 26

"ROSALÍA DE CASTRO". SANTA CRUZ

■ Marzo: os mércores, días 22 e 29
■ Abril: os mércores, días 5, 19 e 26
■ Maio: os mércores, días 3, 10 e 24

"Mª JOSÉ TRINCADO". MERA

■ Abril: os venres, días 7 e 21
■ Maio: os venres, días 5 e 19

"FEDERICO GARCÍA LORCA". MONTROVE

■ Marzo: o martes, día 28
■ Abril: o martes, día 11
■ Maio: o martes, día 9

"MANUEL MARÍA". OLEIROS

■ Marzo: o martes, día 21
■ Abril: os martes, días 4 e 18
■ Maio: os martes, días 2 e 16

BIBLIOTECA DE DORNEDA

■ Marzo: o luns, día 20
■ Abril: os luns, días 3 e 24
■ Maio: o luns, día 15

"XOGRAR MENDIÑO". LORBE

■ Marzo: o martes, día 21
■ Abril: o martes, día 25
■ Maio: o martes, día 23



■ Un momento da parodia de carnaval celebrada o pasado día 3 de marzo.

TAMÉN FORON NOTICIA

● **O ANTROIDO:** Acadou un dos puntos máis álxidos coa celebración da tradicional **parodia institucional** para a que este ano o alcalde elixiu como tema central a **bandeira de Oleiros** pola polémica xurdida no 2005. No Pabellón de A Rabadeira, repleto de xente, instaurouse por uns intres a República Independente de Oleiros. Sobre o escenario acompañaban ó rexidor dous cabezudos caricaturizando ós concelleiros Antón Tenreiro e Pablo Cobián. Un nutrido grupo de colaboradores axudou á posta en escea. Todo un espectáculo digno de ver e disfrutar.

● **O CABARÉ3 OLEIROS:** O noso municipio acolleu un festival pioneiro en Galicia coa celebración de conferencias, charlas, obradoiros e varios espectáculos musicais que obtiveron unha elevada participación deixando sabor a Music Hall nos centos de persoas que asistiron.

A MAROLA: UN CUARTO DE SÉCULO BOTANDO RAÍCES

■ *En España corrían tempos difíciles para a democracia. Pero en Oleiros un día despois do golpe de estado un grupo de veciños de Serantes, Maianca e Dexo decidían unirse para iniciar a súa particular loita. Unha loita en favor da unidade, da recuperación das raíces, do movemento asociativo, da convivencia cidadana. Unha loita que deu os seus froitos co nacemento dunha das agrupacións folclóricas máis arraigadas do municipio: A MAROLA*

◆ A man tendida e experta de Jeannine Rima, francesa afincada en Mera, e Carlos Peón, daquela veciño de Agra, foi determinante para iniciar o que se convertería nun longo percorrido por toda a xeografía nacional onde centos de rapaces recolleron, con paso firme e seguro, o recoñecemento sincero dun público entregado. Xotas, fandangos, pandeiradas, cantareiras, maneos e un longo etcétera de modalidades compoñen o repertorio actual dos máis de cincuenta rapaces que, na actualidade, seguen a danzar ó son dunha melodía popular.

Vintecinco anos despois houbo tempo para a lembranza. Aquel grupo de xóvenes entusiastas que, co seu baile axudaron a escribir unha das páxinas da nosa historia local, volvíu a reunirse para conmemorar o seu aniversario ante a atenta ollada de amigos, veciños e familiares que, unha vez máis, disfrutaron dunha actuación cargada de emotividade e reencontros. Na memoria de todos estiveron presentes os mestres e compañeiros que, por destino ou infortunio, quedaron no camiño logo de converter en realidade un soño: rescatar do olvido a pureza do folclore galego.

Por iso, e por moito máis, vaia para os de antes e os de agora, o aplauso máis sincero.



■ Actuación do grupo de baile de veteranos o pasado 24 de febreiro polo 25 aniversario.

O C.D. OBRERO OLEIROS: 75 ANOS DE HISTORIA

◆ Pero falando de conmemoracións, tampouco nos esquecemos do 75º aniversario da fundación do **Clube Deportivo Obrero de Oleiros**. A súa directiva vén de presentar un libro no que se recollen as orixes, a evolución e as anécdotas dunha agrupación que xa forma parte da historia deportiva e social de Oleiros indo máis alá da simple práctica fútbolística. Case un século despois segue a manter o seu espírito inicial de acoller a todos os sectores sociais sen distinción de idade nin de clases, en contra do que outros clubs facían nos seus comezos restrinxindo o acceso á sociedade máis privilexiada. Convivencia, familiaridade e participación son as claves da súa permanencia en primeira división, alomenos, no corazón de todos os oleirenses.

EN ABRIL NOVOS CURSOS DE FORMACIÓN NO ISAAC DÍAZ PARDO

◆ A primeiros do mes de abril darán comezo os novos cursos de formación do Centro Municipal "Isaac Díaz Pardo". Trátase de dez especialidades dirixidas a xóvenes demandantes de emprego inscritos, previamente, no Servizo Público de Emprego. Cada modalidade dispón de quince prazas polo que os interesados deberán apresurar as súas solicitudes si desexan formar parte dos mesmos. Para obter máis información poderán porse en contacto coa entidade municipal, ubicada no número 24 da rúa dos Regos (Oleiros) ou chamando ós seguintes números de teléfono: 981/610 319 e 981/631 706

DENOMINACIÓN	DURACIÓN EN HORAS
● COCIÑA	1060
● EBANISTA	820
● ESCAIOLISTA	900
● FONTANEIRO	750
● PINTOR	620
● PASTELEIRO	480
● IMPRESOR DE SERIGRAFÍA	560
● ALBANEL	1020
● XARDINEIRO	550
● CARPINTEIRO	780

Aumenta a inserción laboral

En total foron 721 os postos de traballo creados a través da entidade municipal das que 554 ofertas foron íntegramente xestionadas polo centro de formación para a promoción de 673 traballos. En asesoramento máis de 86 proxectos contaron co noso respaldo e, finalmente, 25 empresas viron a luz promovendo tamén a contratación de case 40 persoas. Carpinteiros, persoal para a limpeza de praias e mantemento de servizos municipais tamén tiveron a súa oportunidade cubrindo 11 prazas da oferta de emprego público do concello.

Distintivo europeo de calidade

O "Isaac Díaz Pardo" é o primeiro servizo municipal que obtén o distintivo europeo **ISO 9001-2000** en recoñecemento á eficacia do seu sistema de xestión. Unha certificación que avala a calidade e eficacia dos procesos de programación e inserción profesional resultando merecedor desta cualificación entre máis de 800 centros participantes, dos que tan só oito conseguiron facerse co recoñecemento da unión europea.

¿QUERES PERDERTE POR GALICIA? ▼

◆ Se che gusta camiñar, perderse polos recunchos naturais que agocha a natureza e compartir experiencias con outros veciños de Oleiros, es o candidato idóneo para **Andares por Galicia**, o programa de sendeirismo que todos os anos pon en marcha o concello coa única finalidade de converter o teu tempo libre en tempo para descubrir e para convivir. Aínda que as persoas empadroadas aquí teñen preferencia, esta iniciativa está aberta ós residentes noutros concellos calquera que sexa a súa idade.

Se estás interesado en participar bota unha ollada ó calendario de excursións e a algunhas das recomendacións que fai a organización para o bo desenvolvemento das viaxes. Podes atopar máis información no Centro Xuvenil de A Fábrica, de Perillo ou no teléfono 981 / 636 598.

Calendario de Andares por Galicia

- 27 Maio. Muiños de Poio. Pontevedra
- 17 Xuño. Monfero – Caaveiro. A Coruña
- 15 Xullo. Río Tambre – Devesa de Nimo – A Coruña
- 26 Agosto. Río Loio – Lugo
- 23 Setembro. Costa da Morte. A Coruña
- 21 Outubro. Cañón do Sil – Ourense
- 18 Novembro. Sendeiro de San Xurxo - Pontevedra



✓ Recomendacións

Prendas de abrigo e calzado axeitadas como botas de sendeirismo ou similar, gorra e crema de protección solar, pantalón longo e cómodo. Roupa de reposto. Provisión de comida e bebida para o xantar. Auga.

Todo nunha **pequena mochila** onde non debe faltar unha **cámara fotográfica** que inmortalice o voso paso polas paraxes naturais máis fermosas e salvaxes da nosa xeografía.

SANTAIA LÉVATE DE RUTA ▼



◆ De roteiros tamén anda esta temporada a Asociación de Veciños Santaia, de Santa Cruz. As **Rotas de Santaia** combinan cultura e exercicio físico. Así mentres camiñas poderás descubrir cidades históricas, espazos protexidos e monumentos patrimoniais agochados a carón do Camiño de Santiago e do Camiño do Norte. A localidade de Triacastela, prevista para o vindeiro 2 de abril e A Lourenzá, o 21 de maio, son dúas citas ineludibles ás que non debes faltar.

Pero se o que andas a buscar é unha viaxe máis tranquila, turística e sen tanto axetreo, esta agrupación ofréceche a posibilidade de participar nas **excursións guiadas** que organizan para pasar o día fóra da casa descubriendo a cultura popular, a historia e a gastronomía doutras zonas tan interesantes como foi a que fixeron a Lugo o pasado mes, á Feira de Parga, acadando gran número de excursionistas. A cidade de Pontevedra (25 marzo), o espacio romano de "Las Médulas" (30 abril), no Bierzo, ou o mítico santuario de San Andrés de Teixido e a Capelada (14 maio) son algúns dos novos destinos previstos para facer turismo ó tempo que recuperan unha das actividades con maior éxito na década dos 80.

Información e inscricións: mércores de 19:00 ás 20:30 no teléfono 981/ 626 497 ou no local social situado no Centro Social Municipal de Santa Cruz. Tamén os atoparedes en santaiaenruta@yahoo.es

E CULTURA DE VISITA

◆ E falando de viaxes, o Organismo Autónomo Municipal de Cultura tamén está a organizar outra que se presenta moi interesante. Será do 13 ó 16 de abril, en plena Semana Santa, e o destino dúas das cidades españolas con máis encanto: **Bilbao** e **San Sebastián**, onde pasear, coñecer, perderse ou comer serán algúns dos atractivos para os maiores de dezaioito anos que decidades anotarvos ata o cinco de abril.

A viaxe, que inclúe no prezo os gastos de aloxamento, comida, entradas, visitas guiadas e seguro, contempla un percorrido turístico polo casco histórico Donostiarra e o paso por dous dos museos máis importantes do noso país como son o **Guggenheim** e o de **Chillida**. Anímate a facer a maleta e desconecta por uns días. Chama ó 981 610 000 (ext. 3141) e consulta as túas dúbidas. **Se participas poderemos facer moitas máis.** Admítense suxerencias.



- Cando estas conducindo, cando vaias en bici, cando te subas a unha moto ou cando camiñes pola rúa

RESPECTA AS NORMAS. NON XOGUES COA VIDA DE NINGUÉN. Gracias

OLEIROS HOMENAXEA ÁS NOVAS PROMESAS DO DEPORTE LOCAL

◆ Dende os inicios a historia do deporte en Oleiros escríbese con maiúsculas. Centos de trofeos, medallas e diplomas marcan, con orgullo e satisfacción, a dilatada traxectoria deportiva da nosa canteira de deportistas que, xeración tras xeración, souberon obter o recoñecemento e a distinción do público e dos xuíces polo esforzo desempeñado en diferentes especialidades.

Os últimos que veñen a engrosar esa lista son Eva, Lucía, Adriana e Rocío (do club ciclista feminino SCR), María del Carmen, Francisco Javier, Carlos, María de Los Remedios y Francisco López (do equipo de atletismo de ASPADISOL) e Lidia e Esther (da Escola Municipal de Remo). Once rapaces que veñen de ser homenaxeados polo Concello de Oleiros por levar o nome do seu club e do municipio ós primeiros postos dun podio. Tal é así que o Director Xeral para o Deporte, na súa última visita oficial, anunciou a inmediata sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o SCR para o fomento e promoción das integrantes do único club ciclista galego posuidoras de varios campionatos e subcampionatos nacionais e rexionais.

Mención especial tamén recibiron os cinco membros de ASPADISOL que pese á súa discapacidade deron un exemplo de integración e igualdade participando nunha proba de atletismo organizada pola Federación Galega obtendo os cinco primeiros postos nunha proba disputada en aberto e compartindo pistas, metas e ilusión cos restantes participantes de outras modalidades. Gracias a todos os que co voso esforzo e constancia paseades o nome de Oleiros polos circuitos de todo o país.



FÚTBOL SÁ: A 1ª LIGA MUNICIPAL GALEGA

◆ Trátase da primeira competición galega íntegramente local e estase a desenvolver no noso municipio dende o pasado mes de febreiro. Conta coa participación de 123 xogadores adscritos a 14 equipos, dos que máis do 60 % están empadroados en Oleiros, feito inédito en Galicia xa que ata o de agora a maioría dos integrantes das plantillas non pertencían ó mesmo ámbito xeográfico. Isto foi posible gracias á colaboración dos clubs oleirenses na organización desta iniciativa deportiva.

A celebración dos encontros ten lugar ás nove da noite de luns a xoves no pavillón municipal de Santa Cruz e os martes no de Canide. Clubs e concello manifestaron a súa satisfacción pola posta en marcha desta liga municipal que acolle, ata finais de xuño e por primeiro ano, a participación dos seguintes equipos: **Pub Batikano, Forever 1989, Pub Tío Way, O Curruncho, Independiente, Samicro F.S., Otero F.S., Muebles Pombo, Desguaces Casmar, Dexo Maruxa, Cerverería Liáns, Canal Color, T. Oleiros, Deportivo Oleiros** coa colaboración do Mera Fútbol Sala.

En breve outras novas de interese

▶ **FUNDACIÓN OLEIROS.** A Concellería de Deportes xa deu os primeiros pasos para o nacemento da que será a Fundación "OLEIROS DEPORTE", coa que se pretende fomentar e difundir o deporte local de base aproveitando a colaboración e o apoio de empresas e entidades privadas ademais da celebración e implantación de destacados eventos deportivos no municipio co fin de promover e achegar, aínda máis, a cultura deportiva á sociedade en xeral. Toda unha captación de recursos para dar maior pulo a este tipo de prácticas.

▶ **XI TROFEO FUTBITO CONCELLO DE OLEIROS.** A partires do 31 de marzo e ata o 7 de maio disputaranse as 4ª, 5ª e 6ª xornadas deste campionato local que enfrenta, en categoría benxamín, iniciación e alevín, ós equipos do Rabadeira A e B, Valle Inclán, Bidueiro e Luis Seoane.

Os encontros ▶ Venres, a partires das catro e domingos das dez.

Os lugares ▶ Pavillóns de A Rabadeira, Valle Inclán, Arsenio Iglesias e Canide.

actividades, programas,
proxectos, encontros, eventos...
agora, falar de deporte en
oleiros é falar de

OLEIROS
DEPORTE

■ Unha nova imaxe para
crear identidade
■ Unha mesma imaxe para
unir esforzos

ASÍ MEDRA OLEIROS

CAPÍTULO I:

● Parroquia de Santa María A Pezoca, Obelisco e Rabadeira



◆ O crecemento urbanístico, de forma ordeado e respectuoso con entorno, é unha constante no municipio de Oleiros. E o é porque día a día crece o número de habitantes e crecen as nosas necesidades. Isto fai necesaria a consolidación de novas áreas para vivir, a dotación de novas infraestruturas deportivas, culturais e sociais e, por suposto, o acondicionamento de novos espazos para disfrutar. Un exemplo esta a ser o inminente proxecto de **urbanización na parroquia de Santa María de Oleiros.**

Ubicación ► Entre a zona de a A Pezoca, xunto ó antigo cuartel da Garda Civil e as estradas de Oleiros a Perillo e a Santa Cruz, pola Avda. de Venezuela.

Actuación ► Ordenarase un espacio de 92.348

m² para consolidar unha nova urbanización, onde primará a vivenda unifamiliar, cos seus correspondentes servizos e accesos ó núcleo urbano de Oleiros posibilitando así a expansión e o crecemento poboacional desta área enriquecida, en dous anos, con:

- Novo cuartel da Garda Civil
- Centro de Saúde
- Piscina e ximnasio municipal
- Novas unidades escolares de infantil na parcela anexa ó Colexio de A Rabadeira.
- Dotación de parques públicos e zonas verdes de 11.508 m²

Desenvolvemento urbano ►

Complementarase coa construción dunha segunda fase da urbanización Obelisco e coa

creación doutro ámbito edificable ó inicio da futura vía de circunvalación na estrada Oleiros – Sada, xunto ó colexio de A Rabadeira (con 47.568 m²) e nas inmediacións do Instituto Miraflores (con 59.665 m²). Estas últimas actuacións contemplan a aparición de zonas residenciais de ata un máximo de baixo e tres plantas e baixo máis dúas, respectivamente. En ambos casos, se reservará o 20% da superficie para edificacións de protección oficial.

Co planeamento de ordenación urbano na man aquí comezamos unha peregrinaxe polo noso municipio dando conta en cada nova edición deste xornal de cómo medra Oleiros, as súas urbanizacións, equipamentos e servizos para ofrecer ós seus veciños novos lugares onde vivir con calidade e confort.